



ANPA do CPI Plurilingüe de Vedra

Avda. Do Mestre Manuel Gómez s/n

15885 Vedra, A Coruña

info@anpavedra.es

As familias do CPI de Vedra (A Coruña) reclaman que a Xunta de Galicia solucione os graves problemas de seguridade e puntualidade no transporte escolar

Vedra, 22 de setembro de 2022. Os **problemas de seguridade e de puntualidade** dos autobuses que realizan dúas liñas do transporte escolar do CPI de Vedra están a causar unha enorme preocupación nas familias do alumnado do centro, que leva reclamando á Xunta de Galicia polas incidencias neste servizo desde o inicio do curso.

Este xoves, 22 de setembro, **dous dos vehículos non puideron saír do centro por non reunir as condicións**: un porque expulsaba unha importante fumareda e o segundo por non contar con asentos suficientes para todos os nenos e nenas. Isto ocasionou que o alumnado chegase á casa con 45 e 15 minutos de atraso, respectivamente, sobre a hora prevista. Un prexuízo maior para o alumnado de Secundaria, que non ten servizo de comedor, chegase á casa sen xantar case ás 16h.

É un exemplo máis das graves incidencias que se veñen producindo desde o primeiro día de curso, por parte da concesionaria destas liñas, **Monbús**, tanto na ida como na volta: **retrasos**, autobuses que non dispoñen de **cinto de seguridade**, vehículos **avariados** que deben ser substituídos, os interiores en **condicións insalubres** (restos de comida, terra, etc.).

As familias, a través da ANPA do CPI, vimos poñendo reclamacións diariamente comunicando estes incumprimentos por parte de Monbús. Esiximos que a Xunta de Galicia, a través da **Dirección Xeral de Mobilidade**, obrigue ao contratista á **adecuada organización das liñas**, vele pola **calidade** da prestación do servizo e tome as medidas que correspondan ante estes **incumprimentos na execución do contrato**. A principal preocupación é a **seguridade** na que viaxan os nenos, nenas e adolescentes que empregan o transporte escolar para acudir ao centro, que non deben pagar as consecuencias dun servizo público precarizado.

Contacto da ANPA: info@anpavedra.es | Eliana Martins, presidenta (686994089) | Fina Guitián (604048290)